

Procedementos Operativos de Calidade

UTILIZACIÓN DA MARCA DO C.R.A.E.GA



COPIA CONTROLADA: Non Si : nº ____ Assignada a: _____ Data: _____

PROCEDEMENTO PARA A UTILIZACION DA MARCA DO C.R.A.E.GA.

MODIFICACIÓNS RESPECTO DA EDICIÓN ANTERIOR:

- Contémplanse distintas opcións de utilización da marca.

Elaborado polo Xestor da Calidade

Revisado e aprobado polo Presidente:

Antonio Eduardo Pérez Méndez

Francisco López Valladares

ÍNDICE:

- 1.- OBXECTO.
- 2.- ALCANCE.
- 3.- REFERENCIAS.
- 4.- XENERALIDADES.
 - 4.1.- Etiquetaxe.
 - 4.2.- Volantes de circulación.
 - 4.3.- Contraetiqueta.
 - 4.4.- Precintos.
 - 4.5.- Logotipo.
 - 4.6.- Marca de CRAEGA.
 - 4.7.- Certificado de Conformidade.
- 5.- REALIZACIÓN.
 - 5.1.- Utilización de material identificativo.
 - 5.2.- Numeración.
 - 5.3.- Uso da Marca.
 - 5.4.- Uso abusivo da Marca.
 - 5.5.- Modificacións da Marca.
 - 5.6.- Dereitos e obrigas respecto ao uso da Marca.
 - 5.7.- Utilización de signos identificativos da denominación.
 - 5.8.- Utilización de signos identificativos da denominación no caso de venda directa.
 - 5.9.- Retirada do material identificativo.
- 6.-ANEXOS.



1. OBXECTO.

O presente Procedemento describe a sistemática aplicada polo CONSELLO REGULADOR DA AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA (dende agora, C.R.A.E.GA) para o uso da súa marca e medidas axeitadas no caso do seu uso indebido. Concretamente, a sistemática para a realización da certificación da produción, mediante a autorización de: etiquetaxe e/ou impresión do logotipo e numeración do C.R.A.E.GA na etiqueta comercial dos produtos procedentes da agricultura ecolóxica; emprego de volantes de circulación, así coma outros materiais identificativos, inclusive a elaboración de material de carácter promocional ou publicitario que contiver signos identificativos por parte dos inscritos nos rexistros do C.R.A.E.GA, con certificado de conformidade.

2. ALCANCE.

Este documento aplícase aos Clientes inscritos nos Rexistros do C.R.A.E.GA con certificado de conformidade de produto, para o uso da marca, a obtención da autorización precisa para o emprego de contraetiquetas e/ou calquera outro signo identificativo relacionado co método de produción ecolóxica, así como a súa inclusión en calquera tipo de documentación, promoción publicitaria, de conformidade co Regulamento (CE) 834/2007 e co Regulamento de funcionamento do C.R.A.E.GA. En ningún caso, será de aplicación aos Clientes inscritos nos rexistros de elaboración do C.R.A.E.GA con produtos correspondentes ao apartado b, punto 4, artigo 23, do Regulamento (CE) 834/2007, que só obterán un certificado de conformidade no que se detalle o listado de ingredientes.

3. REFERENCIAS.

- Manual de Calidade do CRAEGA, Capítulo 7.
- POC-03: Procedemento para a Xestión de Subcontratacións.
- POC-04: Procedemento de Xestión da Certificación.
- Norma UNE-EN ISO/IEC 17065: “Requisitos para organismos que certifican produtos, procesos e servizos”.



4. XENERALIDADES.

4.1. Etiquetaxe:

As mencións, indicacións, marcas de fábrica ou de comercio, imaxes ou signos que figuren en envases, documentos, letreiros, etiquetas, anelas, ou colariños que acompañan ou se refiren a produtos contemplados na liña 2, artigo 1, do Regulamento (CE), número 834/2007.

4.2. Volante de circulación:

Documento codificado polo C.R.A.E.GA (FPOC-06/02), mediante o que se identifican as mercadorías a granel, e onde están consignados os datos do expedidor e os do receptor do produto, a data de expedición e o tipo e cantidade de produto.

4.3. Contraetiqueta:

Documento codificado polo C.R.A.E.GA, mediante o que se identifican os produtos envasados, garantíndolle ao consumidor o amparo do produto dentro da denominación; a contraetiqueta poderá ser incluída na etiqueta comercial.

4.4. Precintos:

Precinto de plástico, cunha numeración alfanumérica.

4.5. Logotipo:

Símbolo empregado polo C.R.A.E.GA para comunicar o seu nome.

4.6. Marca de CRAEGA:

Resulta da combinación do logotipo e do código de autoridade de control do C.R.A.E.GA. Aplícase baixo as regras dun sistema de certificación, que indica que un produto que está debidamente identificado goza da plena confianza do organismo certificador, adecuándose ao estipulado no Regulamento (CE) 834/2007.

4.7. Certificado de conformidade:

Certificado que inclúe a marca C.R.A.E.GA.

5. REALIZACIÓN.

5.1. Utilización de material identificativo:

5.1.1. Utilización de volantes de circulación.

A utilización optativa dos volantes de circulación é un sistema de certificación dos produtos alimentarios a granel. Tódalas expedicións de produtos con dereito a empregar as indicacións protexidas que se realizaren entre Clientes inscritos con certificado de conformidade nos rexistros do C.R.A.E.GA, ou entre estes e Clientes baixo control doutros organismos ou autoridades de control debidamente autorizados, poderán ir acompañados do correspondente Volante de Circulación.

Os volantes de Circulación deberán ser solicitados ao C.R.A.E.GA mediante o modelo establecido ao respecto (FPOC-06/01), achegando coa solicitude o xustificante de pagamento destes.

Os volantes de circulación serán codificados polo C.R.A.E.GA. Neles estarán consignados os datos do expedidor e do receptor do produto, a data de expedición, e o tipo e cantidade de produto. O receptor da mercadoría ficará cunha copia do Volante de Circulación. O orixinal correspóndelle ao expedidor da mercadoría.

Os produtos agrícolas vexetais poderán levar indicacións que se refiran á conversión á agricultura ecolóxica, non antes dun período de conversión de polo menos doce meses antes da colleita. Poderán usar volantes de circulación para “produtos en conversión”; os devanditos volantes deberán ser solicitados ao C.R.A.E.GA mediante o modelo establecido (FPOC-06/01). O CRAEGA levará un rexistro de tales períodos, manterá informado desta situación ao Cliente, e comunicaránselle os dereitos e obrigas adquiridos ao comezo deste período.

Estes volantes de circulación, ademáis de seren codificados polo C.R.A.E.GA., indicarán que son para produtos en reconversión á Agricultura Ecolóxica.

Os Clientes con certificado de conformidade que non opten pola utilización do volante de circulación poderán substituír por outro documento (albará, factura) no que se indique a información coa que en todo momento se asegura a trazabilidade do produto ecolóxico. Se o produto estiver baixo proceso de conversión, estes documentos indicarán claramente “produtos en conversión”.

5.1.2. Utilización de contraetiquetas e inclusión da contraetiqueta na etiqueta comercial.

O uso das contraetiquetas e a inclusión da contraetiqueta na etiqueta comercial defínense por medio das seguintes Normas:

A) UTILIZACIÓN DE CONTRAETIQUETAS NUMERADAS.

O uso da contraetiqueta identificativa da Denominación da Agricultura Ecolóxica é unha opción como sistema de certificación dos produtos alimentarios envasados que, no caso de Galicia, defínese no Anexo á Orde do 3 abril de 2009, pola que se aproba o regulamento de funcionamento



do C.R.A.E.GA, e que será o documento que garanta ao consumidor o amparo dese produto dentro da Denominación, é dicir, que foi obtido conforme o método de produción agraria ecolóxica regulado polo Regulamento (CE) 834/2007.

Amais dos Clientes inscritos nos rexistros de industrias elaboradoras e/ou envasadoras e nos de Empresas Importadoras e/ou Comercializadoras, os produtores inscritos nos rexistros de produción animal e produción vexetal que cumpren o especificado no Decreto 125/2014 do 4 de 2014, polo que se regula a venda directa dos produtos primarios dende as explotacións á persoa consumidora final e envasen os seus produtos, poderán empregar a contraetiqueta e incluír a contraetiqueta na etiqueta comercial, segundo o descrito neste punto 5.1.2, sempre que se inscriban no rexistro de industrias elaboradoras e/ou envasadoras do C.R.A.E.GA.

Se un Cliente Certificado inscrito nos rexistros do C.R.A.E.G.A. desexa utilizar as contraetiquetas identificativas nos seus produtos envasados, deberá solicitalo ao C.R.A.E.GA a través dos seguintes pasos:

1. O Cliente Certificado solicitará o uso da contraetiqueta do C.R.A.E.GA nos produtos inscritos baixo produción, elaboración e/ou comercialización nos Rexistros do C.R.A.E.GA; tamén o fará para incluír na etiqueta comercial a referencia ao método de produción ecolóxica segundo o Título IV do Regulamento (CE) 834/2007. Con este fin, deberá enviar o bosquejo das etiquetas que acompañen ou se refiran a produtos de produción ecolóxica nos que figurarán as mencións, indicacións, marcas de fábrica ou de comercio, imaxes ou signos que fixeren referencia á produción ecolóxica.
2. O C.R.A.E.GA comprobará o cumprimento da normativa de etiquetaxe de produción ecolóxica segundo os Títulos III e IV do Regulamento (CE) 834/2007 e do Regulamento (CE) 889/2008 e o seu anexo XI, amais do recollido nos Procedementos seis e sete do Manual de Calidade; o Cliente Certificado é responsábel de cumprir coa normativa xeral de etiquetaxe e co establecido na lexislación común vixente. De se detectar algunha anomalía, o Cliente certificado deberá corríxilo e enviálo novamente, para a súa aprobación, antes de o C.R.A.E.GA lle conceder a autorización de utilización desa etiqueta.
3. A partir da autorización dada, sempre que o Cliente Certificado desexe unha serie de contraetiquetas coa súa numeración correspondente, deberállo solicitar ao C.R.A.E.G.A., indicando claramente a cantidade, e achegando á solicitude (Modelo FPOC-06/01) a fotocopia das etiquetas comerciais autorizadas para os produtos envasados en que solicita utilizar as contraetiquetas.
4. En calquera momento deste proceso, o C.R.A.E.G.A. poderá retirar a devandita autorización por mor do incumprimento por parte do Cliente Certificado das normas e procedementos recollidos no Manual de Calidade e no Regulamento de funcionamento do C.R.A.E.GA, e normativa referente ao Método de Produción Ecolóxica.



B) INCLUSIÓN DA CONTRAETIQUETA NA ETIQUETA COMERCIAL, CON NUMERACIÓN (Traballos de numeración realizados por imprentas).

A utilización de contraetiqueta identificativa da Denominación acompañando á etiqueta comercial é un sistema optativo de certificación dos produtos derivados da Agricultura Ecolóxica; sen embargo, o C.R.A.E.GA. poderá autorizar a inclusión desta contraetiqueta na propia etiqueta comercial ou envase que identifica ou contén o produto.

Un Cliente Certificado inscrito nos rexistros do C.R.A.E.GA poderá incluír a contraetiqueta identificativa na etiqueta comercial ou envase dos seus produtos envasados; con este fin, deberállo solicitar antes ao C.R.A.E.GA a través dos seguintes pasos:

1. O Cliente Certificado solicitará incluír a contraetiqueta do C.R.A.E.GA na etiqueta comercial ou envase que identifica ou contén os seus produtos incritos baixo produción, elaboración e/ou comercialización nos Rexistros do C.R.A.E.GA.; tamén solicitará a inclusión na etiqueta comercial da referencia ao método de produción ecolóxica segundo o Título IV do Regulamento (CE) 834/2007.

O Cliente Certificado deberá achegar na solicitude o bosquejo das etiquetas que acompañen ou se refiran a produtos de produción ecolóxica nos que figurarán as mencións, indicacións, marcas de fábrica ou de comercio, imaxes ou signos que fixeren referencia á produción ecolóxica.

2. O C.R.A.E.GA, comprobará o cumprimento coa normativa de etiquetaxe de produción ecolóxica segundo os Títulos III e IV do Regulamento (CE) 834/2007 e do Regulamento (CE) 889/2008 e o seu anexo XI, ademais do recollido nos Procedementos 6 e 7 do Manual de Calidade; o Cliente Certificado é responsábel de cumprir a normativa xeral de etiquetaxe e co establecido na lexislación común vixente. De se detectar algunha anomalía, o Cliente certificado deberá corrixilo e enviálo novamente ao C.R.A.E.GA, para a súa revisión antes de lle conceder a autorización de uso desa etiqueta.

3. Unha vez autorizada a inclusión da contraetiqueta na etiqueta comercial, o Prelo en que se desexan levar a cabo os traballos de impresión terá que se pór en contacto co C.R.A.E.GA. para facilitar os datos necesarios (Nome do prelo, persoa de contacto responsábel, C.I.F, enderezo e código postal, correo electrónico, fax, teléfonos...) especificando en que instalacións terán lugar os traballos. Todos estes datos procesaránse no programa informático de xestión por parte do C.R.A.E.GA.

4. Cada vez que o Cliente Certificado desexe a impresión da súa etiqueta comercial coa inclusión da contraetiqueta, coa súa numeración correspondente, será o Prelo encargado da súa impresión o que deberá solicitarllo ao C.R.A.E.GA., indicando claramente a cantidade de etiquetas que se quere imprimir, e achegando coa solicitude (Modelo FPOC-06/05) os seguintes documentos:

- O resgardo de ingreso da taxa correspondente na conta do C.R.A.E.GA., que será de 5,00 euros por millar de unidades solicitadas (ou equivalente). Este importe deberá aboalo o Cliente Certificado.

- Bosquexo en cor das etiquetas comerciais coa inclusión da contraetiqueta autorizadas para os produtos envasados nos que solicita a numeración.

Se a impresión da serie completa de etiquetas non se puidese facer nunha soa tirada, o prelo deberálo comunicar ao C.R.A.E.GA, xunto coa numeración de etiquetas que se imprimiu, co fin de que, se o considera oportuno, se suspenda cautelarmente a autorización para o resto da numeración que non se puido imprimir.

5. O C.R.A.E.GA. comunicarlle ao prelo a autorización de impresión coa numeración correlativa das etiquetas aprobadas. Esta autorización será válida unicamente para a empresa e instalacións concretas declaradas previamente.

6. En calquera momento deste proceso, o C.R.A.E.GA. poderá retirar a devandita autorización por mor do incumprimento, por parte do Cliente Certificado, das normas e procedementos recollidos no Regulamento do C.R.A.E.GA, Caderno de Normas e demais normativa referente ao Método de Producción Ecolóxica.

Sexa como for, os gastos ocasionados ao Prelo, ou calquer outro, correrán sempre por conta do Cliente Certificado.

C) INCLUSIÓN DA CONTRAETIQUETA NA ETIQUETA COMERCIAL, CON NUMERACIÓN (Traballos de numeración realizados polo propio Cliente).

Como variante do anterior apartado B), en que o Cliente pode incluír a contraetiqueta na propia etiqueta comercial ou envase que identifica ou contén o produto; permíteselle ao propio Cliente a numeración nas súas instalacións. Mais antes deberálo solicitar ao C.R.A.E.GA, a través dos seguintes pasos:

1. O Cliente Certificado solicitará incluír a contraetiqueta do C.R.A.E.GA. na etiqueta comercial ou envase que identifica ou contén os seus produtos inscritos baixo produción, elaboración e/ou comercialización nos Rexistros do C.R.A.E.GA.; tamén solicitará a inclusión na etiqueta comercial da referencia ao método de produción ecolóxica segundo o Título IV do Regulamento (CE) 834/2007. Especificará que desexa realizar a numeración nas súas instalacións.

O Cliente Certificado deberá achegar xunto coa solicitude o bosquejo das etiquetas que acompañen ou se refiran a produtos de produción ecolóxica nos que figurarán as mencións, indicacións, marcas de fábrica ou de comercio, imaxes ou signos que fixeren referencia á produción ecolóxica.

2. O C.R.A.E.GA. comprobará o cumprimento da normativa de etiquetaxe de produción ecolóxica segundo os Títulos III e IV do Regulamento (CE) 834/2007 e do Regulamento (CE) 889/2008 e o seu anexo XI, amais do recollido nos Procedementos 6 e 7 do Manual de Calidade; o Cliente Certificado é responsábel de cumprir coa normativa xeral de etiquetaxe e co establecido na lexislación común vixente. De se detectar algún problema, o Cliente certificado deberá corrixilo, antes de o C.R.A.E.GA. lle outorgar a autorización de uso desa etiqueta.

3. Unha vez autorizada a inclusión da contraetiqueta na etiqueta comercial, o Cliente deberá especificar:
 - a) Na elaboración de etiquetas: se subcontrata a elaboración das etiquetas nun prelo, ou se é o Cliente o propio fabricante das súas etiquetas. Se o Cliente for o propio fabricante das súas etiquetas, deberá especificar en que instalacións levará a cabo os traballos de impresión da etiqueta.
 - b) Na numeración: Posteriormente, esas etiquetas numeraránse; xa que o obxecto deste apartado “C” é que o Cliente numere nas súas propias instalacións, este deberá indicar a seguinte información:
 - en que instalacións.
 - mediante que medios mecánicos realizará a numeración.

Non se permite a numeración manuscrita, nin por medio de etiquetas numeradas adicionais.

4. Cada vez que o Cliente desexe numeración para a súa etiqueta comercial coa inclusión da contraetiqueta, deberálo solicitar ao C.R.A.E.GA. indicando claramente a cantidade de Etiquetas que se quere numerar, e achegando xunto coa solicitude (Modelo FPOC-06/01) os seguintes documentos:

- O resgardo de ingreso da taxa correspondente na conta do C.R.A.E.GA., que será de 5,00 euros por millar de unidades solicitadas (ou equivalente). Este importe deberá aboalo o Cliente Certificado.
- Bosquexo en cor das etiquetas comerciais coa inclusión da contraetiqueta autorizadas para os produtos envasados nos que solicita a numeración.

5. O C.R.A.E.GA. comunicarlle ao Cliente a autorización de impresión coa numeración correlativa das etiquetas aprobadas. Esta autorización será válida unicamente para a empresa e instalacións concretas declaradas previamente.

6. O Cliente deberá levar un rexistro onde fiquen suficientemente clara:

- a numeración que se lle facilitou dende o CRAEGA.
- a correspondencia entre produto e numeración, é dicir, a que produto lle foi asignada cada numeración, mediante o número de lote e a data.

O Cliente deberálle enviar unha copia do devandito rexistro ao C.R.A.E.GA tantas veces como este llo solicite; ademais, este rexistro estará a disposición dos técnicos nas visitas, de solicitaren a súa revisión.

7. En calquera momento deste proceso, o C.R.A.E.GA. poderá retirar a devandita autorización por mor do incumprimento, por parte do Cliente Certificado, das normas e procedementos recollidos no Regulamento do C.R.A.E.GA, e demais normativa referente ao Método de Producción Ecolóxica. Se así for, o Cliente Certificado estará obrigado a lle entregar ao C.R.A.E.GA. aquelas contraetiquetas que estiveren no seu poder.

5.1.3. Utilización de precintos.

Os matadoiros inscritos con certificado de conformidade terán a opción, se así o desexasen, de solicitaren, mediante o modelo formato (FPOC-06/01), o número de precintos necesarios correspondentes para a colocación nos canais. Enviarán este modelo correctamente recheado ao C.R.A.E.GA.

5.1.4. Utilización do Certificado de Conformidade.

O C.R.A.E.GA emitirá un certificado de conformidade de produto.

Este certificado poderá ser reproducido na súa totalidade polos Clientes, segundo o alcance descrito nel, para a súa utilización con fins comerciais e publicitarios, e con permiso de modificación do seu tamaño.

5.2. Numeración.

Os Clientes inscritos con certificado de conformidade e que opten por empregar as contraetiquetas e material identificativos da certificación, calquera que for o tipo de envase en que se expidan, deberán levar unha numeración que será fornecida polo C.R.A.E.GA.

Polo que atinxe a contraetiquetas, o Cliente inscrito con certificado de conformidade deberá solicitarllas ao C.R.A.E.GA, mediante o formato *FPOC-06/01 Solicitud de material identificativo (Cliente inscrito)*.

No caso de contraetiquetas incluídas na etiqueta comercial, será o prelo ou empresa externa colaboradora en nome do Cliente quen solicite a numeración, mediante o formato *FPOC-06/05 Solicitud de numeración de etiquetas/estoxos*. Se o Cliente realizase el a numeración nas súas instalacións, será o cliente quen solicite a numeración mediante o formato FPOC-06/01.

Dende o momento de recepción da solicitude, o C.R.A.E.GA responderá a esta antes de transcorrido un mes, indicando as causas polas que se denega a numeración, ou facilitando a devandita numeración, segundo for o caso.

- Numeraranse as contraetiquetas do seguinte xeito:

A12345678 Esta numeración, que vai incluída na contraetiqueta, facilitaráselle ás industrias inscritas ou empresas importadoras se o produto estiver envasado, e deberán realizar pagamento delas. A numeración anterior aplicarase ao tamaño 30 por 45 milímetros, e a numeración E123456 será a de aplicación para o tamaño 20 por 30 milímetros.

- Numeraranse as etiquetas do mesmo xeito que as contraetiquetas:

B12345678 para facilitar ás imprentas ou empresas externas colaboradoras exclusivamente; o pagamento da numeración será feito polo Cliente inscrito no C.R.A.E.GA.

N1234567 para facilitar aos Clientes que numeran nas súas instalacións; o Cliente realizará o pagamento da devandita numeración.

- Numeraránse os volantes do seguinte xeito:

C123456 para facilitar aos Clientes inscritos de produción animal.

D123456 para facilitar aos Clientes inscritos de produción vexetal.

Os Clientes de industrias e comercializadores importadores poderán empregar ambos os dous volantes.

- Numeraránse os precintos do seguinte xeito:

P123456 “123456” é código numérico, e “P”, letra.

Fica así:

- | | |
|--------------------------------|------------------|
| - “12345678”: código numérico. | - “A”, a letra A |
| - “123456”: código numérico. | - “B”, a letra B |
| - “1234567”: código numérico. | - “C”, a letra C |
| | - “D”, a letra D |
| | - “E”, a letra E |
| | - “N”, a Letra N |
| | - “P”, a Letra P |

5.3. Uso da Marca.

A marca soamente pode ser usada polos Clientes certificados; non están autorizados para a súa utilización, en ningún suposto, Clientes non certificados, Clientes en proceso de inscrición, entidades externas ou colaboradores do C.R.A.E.GA.

A inclusión da marca no certificado de conformidade é o medio polo cal os Clientes declaran publicamente o cumprimento de tódolos requisitos de certificación.

Cando for de cumprimento o artigo 23, punto 4.b. do Regulamento (CE) 834/2007, os Clientes inscritos certificados non poderán empregar o Logotipo, nin a marca do C.R.A.E.GA, e indicarán unicamente no produto o código de autoridade de control.

5.3.1. Características da marca.

A marca do C.R.A.E.GA consiste no Logotipo acompañado do código de autoridade de control do C.R.A.E.GA. ES-ECO-022-GA.



ES-ECO-022-GA

A marca do C.R.A.E.GA cumprirá as seguintes características:

- Na marca do C.R.A.E.GA, o Logotipo cumprirá o establecido no Procedemento 7 deste Manual da Calidade.
- O tamaño do Logotipo pode variar (ampliarse o reducirse), sempre que se manteñan as proporcións entre a altura e o ancho de 45 por 30 mm.
- O tamaño mínimo de redución do Logotipo do C.R.A.E.GA é de 13,5 por 9 mm. Mais, con carácter excepcional, en caso de os envases seren moi pequenos, e previa solicitude ao C.R.A.E.GA, o tamaño mínimo pódese reducir a unha altura de 9 mm por 6 mm da base.
- Non se aceptarán tamaños que fagan ilexíbel o código de Autoridade de control do C.R.A.E.GA.

5.3.2. Utilización da marca de C.R.A.E.GA na etiquetaxe.

Se os Clientes certificados decidisen non utilizar nos produtos alimentarios envasados o material identificativo do C.R.A.E.GA, poderán empregar a marca do C.R.A.E.GA sen numeración, seguindo estes requisitos:

O Cliente, para cada marca dos seus produtos, poderá optar por algunha destas dúas situacións:

- empregar a marca do C.R.A.E.GA, facendo uso do material identificativo correspondente, ou
- empregar a marca do C.R.A.E.GA sen numerar; con este fin, terán que llo solicitar e terán que manter esa escolla polo menos durante 6 meses.

Para faceren uso da marca C.R.A.E.GA. sen utilizar o material identificativo, os Clientes Certificados deberán facer a solicitude destinada para tal fin: Formato FPOC-06/06.

Previamente, na citada solicitude, o Cliente deberá enviar o bosquejo das etiquetas que acompañen ou se refiran a produtos de produción ecolóxica en que figurarán as mencións, indicacións, marcas de fábrica ou de comercio, imaxes ou signos que fixeren referencia á produción ecolóxica.

O C.R.A.E.GA, nun prazo de dez días hábiles, comprobará o cumprimento da normativa de etiquetaxe de produción ecolóxica segundo os Títulos III e IV do Regulamento (CE) 834/2007 e



do Regulamento (CE) 889/2008 e o seu anexo XI, amais do recollido nos procedementos 6 e 7 do Manual de Calidade; o Cliente Certificado é responsábel de cumprir a normativa xeral de etiquetaxe e co establecido na lexislación común vixente. De se detectar algunha anomalía, o Cliente certificado deberá corrixila, enviándolla novamente ao C.R.A.E.GA para a súa aprobación.

Dende o momento de recepción da solicitude, o C.R.A.E.GA, previa aprobación da etiqueta, responderá a esta solicitude antes de transcorridos 5 días hábiles, indicando as causas polas que se lle denega o emprego da marca na súa etiqueta, ou permitíndolle o uso da marca na súa etiqueta, segundo for o caso.

En calquera momento deste proceso, o C.R.A.E.G.A. poderá retirar esta autorización por mor do incumprimento, por parte do Cliente Certificado, das normas e procedementos recollidos no Manual de Calidade e no Regulamento de funcionamento do C.R.A.E.GA, e normativa referente ao Método de Producción Ecolóxica. Se así for, o Cliente Certificado estará obrigado a lle comunicar ao C.R.A.E.G.A. a cantidade de produtos coa marca na súa etiqueta que estiveren no seu poder.

5.3.3. Utilización da marca con numeración propia.

Alternativamente, se o cliente quixese utilizar a súa propia numeración nos seus produtos, numeración distinta da facilitada polo C.R.A.E.GA, poderá incluílo na súa etiquetaxe sempre que se cumpra o seguinte:

- Non se permite a numeración manuscrita, nin por medio de etiquetas numeradas adicionais.
- Non se incumpra o establecido no apartado 5.3.1.e 5.3.2.
- A numeración non estará no mesmo campo visual que a marca do C.R.A.E.GA.

5.3.4. Utilización de material identificativo para o uso da marca.

Con obxecto de facilitar o uso da marca, o C.R.A.E.GA poderá subministrar os seguintes materiais:

- Bobinas de contraetiquetas do logotipo do C.R.A.E.GA en rolos de 2.000 unidades e en dous tamaños diferentes: tamaño 45 por 30 mm e tamaño 30 por 20 mm.

-Bobinas de contraetiquetas de conxunto de logotipos (logotipo do C.R.A.E.GA, xunto co logotipo europeo, o código de autoridade de control do C.R.A.E.GA e a mención á agricultura UE / non UE). Tamaño de etiqueta: 30 por 45 mm.

O emprego destas contraetiquetas de conxuntos de logotipos está limitada ao establecido na utilización do logotipo europeo.

5.4.- Uso abusivo da Marca.

Considérase uso abusivo da marca a súa utilización en relación cos seguintes aspectos:

- Clientes non autorizados no uso da marca.
- Clientes cuxo período de validez para o uso da marca fica suspendido temporalmente ou retirado definitivamente.
- Uso da marca por parte de Clientes inscritos con certificado de conformidade, mais para produtos non suxeitos aos criterios da marca.
- Usos non previstos da marca: na utilización en documentación comercial propia da empresa.

Amais da comunicación á Autoridade Competente, ante todo uso abusivo da Marca, o C.R.A.E.GA ten dereito a iniciar, dentro do marco da lexislación vixente, toda acción xudicial que estimar axeitada.

5.5.- Modificacións da Marca.

Toda modificación en relación á concesión de uso da Marca comunicaráselle por escrito aos Clientes afectados, precisando, se for necesario, o prazo que se lle concede para aplicar as novas condicións.

5.6.- Dereitos e obrigas respecto ao uso da Marca.

Só os Clientes recoñecidos polo C.R.A.E.GA están autorizados a empregar a devandita marca. O seu uso está suxeito ás condicións especificadas neste procedemento e no procedemento sete.

Dereitos:

- Poderán utilizar a marca, os termos referidos á produción ecolóxica e/ou o logotipo ecolóxico da U.E, nos produtos aos que se lle concedera a certificación.
- Utilizar a marca, os termos referidos á produción ecolóxica e/ou o logotipo ecolóxico da U.E que refire o Regulamento (CE) 834/2007 e demais disposicións complementarias, ou facer referencia á condición de produtor ou empresa con certificado de conformidade de produtos ecolóxicos ou procedentes de produción ecolóxica, en función do alcance da certificación concedida.
- Recibir, en tempo e forma, os certificados e documentos que acreditan estar certificado para o alcance solicitado.

Obrigas:

- Solicitar a autorización para o uso da marca, o material identificativo correspondente.
- Devolver os certificados de conformidade, os documentos xustificativos, así coma o material identificativo no seu poder, e retirar tódolos elementos de publicidade en caso de baixa.
- En caso de retirada ou suspensión do uso da marca, achegar a documentación que requira o C.R.A.E.GA.

5.7. Utilización de signos identificativos da denominación.

No caso de que un Cliente inscrito nos Rexistros do C.R.A.E.GA. con certificado de conformidade, desexase utilizar referencias ao método de produción ecolóxica, segundo o Título IV do Regulamento (CE) nº 834/2007, na publicidade (folletos, páxinas web, anuncios, coches de empresa, material de papelería) dos produtos dos que teña certificada a súa produción, elaboración e/ou comercialización, deberállo solicitar ao C.R.A.E.GA a través dos seguintes pasos:

1. Solicitud do Cliente inscrito con certificado de conformidade, FPOC -06/06, para o emprego na súa publicidade ou en calquera outro documento, tanto de uso interno coma externo, tanto impreso coma en soporte informático, magnético ou de calquera outra natureza, de referencias ao método de produción ecolóxica e/ou utilización dos signos distintivos da denominación, segundo o Título IV do Regulamento (CE) nº 834/2007.
2. Xunto a esta solicitude, o Cliente deberá achegar o bosquexo do material mencionado no punto 1, para o que solicita autorización, material que acompañe ou se refira a produtos de produción ecolóxica nos que figurarán as mencións, indicacións, marcas de fábrica ou de comercio, imaxes ou signos que fixeren referencia á produción ecolóxica.
3. O C.R.A.E.GA comprobará o cumprimento da normativa de utilización de signos identificativos da denominación de produción ecolóxica.
4. Deseguido, enviaráselle ao Cliente un comunicado con aquelas modificacións que se deben facer nas indicacións referentes á produción ecolóxica, para que poidan ser autorizadas na publicidade ou documentación para a que se solicita a autorización.
5. O Cliente, feitas as correccións pertinentes no bosquexo que vai empregar, deberá remitir á sede do C.R.A.E.GA. o novo modelo correspondente. Se no prazo de 15 días non houber resposta do Cliente, anularáse a solicitude.
6. Unha vez comprobado que se fixeron as correccións axeitadas no bosquexo que se empregará na publicidade ou documentación para a que se solicita a utilización dos signos, procederáse ao envío, por parte do C.R.A.E.GA., da autorización do emprego dese bosquexo e das referencias ao método de produción ecolóxica.
7. As autorizacións non teñen período de validez. En calquera momento deste proceso, o C.R.A.E.GA. poderá retirar esta autorización por mor do incumprimento, por parte do Cliente, das normas e procedementos recollidos no Regulamento do C.R.A.E.GA, Normas Técnicas e demais normativa referente ao Método de Produción Ecolóxica. Se así for, o Cliente estará obrigado a retirar do mercado, urxentemente, todo o material de calquera natureza en que se faga referencia á produción ecolóxica e/ou que conteñan signos distintivos desta denominación.

5.8. Utilización de signos identificativos da denominación en caso de venda directa.

Cumprindo a Orde do 3 de abril de 2009, pola que se aproba o regulamento de funcionamento do C.R.A.E.GA, no seu capítulo IV, punto 3, apartado c, permítese, en caso de venda directa da produción propia do produtor ao consumidor final na súa explotación ou en mercados locais, substituír os volantes de circulación para mercadorías a granel polo sistema de control que describimos neste punto.

5.8.1. Regulamentación da venda directa de produción ecolóxica de Galicia.

Enténdese por venda directa a comercialización dos produtos da propia explotación que realiza o titular ou autorizado desta nas fincas da súa explotación, en mercados locais, prazas de abastos, postos, etc. de toda Galicia ou eventos de similar índole que permitan realizar este tipo de actividade, así como as vendas realizadas directamente a asociacións e/ou cooperativas de consumidores.

O punto de venda onde se realice esta actividade pódese acompañar dos distintivos facilitados polo C.R.A.E.GA para identificar o punto de venda, e onde estará presente a lenda “Punto de venda avalado polo C.R.A.E.GA”, sempre que o Cliente se comprometa ao cumprimento das seguintes condicións, e o solicite mediante o formato (FPOC-06/04):

1º Os produtos ou mercadorías postos á venda procederán da propia explotación do Cliente inscrito con certificado de conformidade no Rexistro de produción vexetal do C.R.A.E.GA que solicita o uso do cartel identificativo do punto de venda; produtos, mercadorías e punto de venda reunirán as condicións cualitativas, técnicas e sanitarias esixidas pola lexislación vixente. Permitirase que parte do produto exposto proceda doutras explotacións inscritas no Rexistro de produción vexetal do C.R.A.E.GA cando non sexa posíbel completar a oferta coa produción propia; este tipo de mercadoría non pode supor máis do 25% do valor monetario a prezo de mercado do produto total comercializado nun intervalo de tempo de tres meses.

2º Os lugares onde se realiza esta actividade deberán ser comunicados con antelación ao C.R.A.E.GA. Se foren eventos habituais, mediante unha programación anual; de seren eventos esporádicos, cunha antelación mínima de 15 días. O Cliente poderá actualizar esta planificación regularmente, mais sempre con 15 días de antelación á data do evento que se pretende incluír.

3º En todo momento, o titular ou o seu autorizado terán, a disposición dos clientes, a documentación acreditativa da súa condición de inscrito no C.R.A.E.GA.

4º Realizarase unha declaración da actividade desenvolvida en cada evento, onde se recollan, detalladamente, as vendas por tipoloxía do produto. Esta declaración enviaráselle ao C.R.A.E.GA nos cinco días seguintes á realización do evento, seguindo o formato (FPOC-06/03).

O incumprimento destas condicións implicará a perda do dereito de uso dos distintivos facilitados polo C.R.A.E.GA para o seu uso nesta actividade, así como calquer outro material ou simboloxía que puiden inducir a erro ao consumidor.

Todo Cliente que desexe empregar os distintivos mencionados anteriormente, deberá remitir unha solicitude por escrito ao C.R.A.E.GA que recolla o programa de eventos onde se pretende participar coas correspondentes datas. Antes, o Cliente deberá ter superado o período de conversión á agricultura ecolóxica.

A concesión de uso destes distintivos implicará a sinatura, por parte do Cliente, do compromiso de cumprimento das condicións de uso.



5.9. Retirada do material identificativo.

A baixa no correspondente rexistro, ou a cancelación definitiva da certificación, comunicaráselle ao Cliente dende o C.R.A.E.GA; manteráse un rexistro da citada comunicación.

A baixa nos rexistros, a suspensión ou a suspensión cautelar, supoñen a prohibición de usar o certificado de conformidade e o material identificativo do C.R.A.E.GA; tamén supoñen a retirada das indicacións de conformidade nos produtos e na súa publicidade.

Ademais, suporán a obriga de lle comunicar ao C.R.A.E.GA, no prazo solicitado, os datos necesarios, referentes ao citado material, que se precisen para o seu estudo e control por parte do C.R.A.E.GA. Se houber controversia, ou de non se entregaren os datos solicitados, o C.R.A.E.GA informará á Autoridade Competente.

6. ANEXOS.

- FPOC-06/01: Solicitud de material identificativo (Clientes inscritos).
- FPOC-06/02: Volante de circulación de produción vexetal-animal.
- FPOC-06/03: Declaración da actividade desenvolvida.
- FPOC-06/04: Solicitud de cartel identificativo para venta directa.
- FPOC-06/05: Solicitud de material identificativo (empresas colaboradoras).
- FPOC-06/06: Solicitud de utilización da marca C.R.A.E.GA



SOLICITUDE DE MATERIAL IDENTIFICATIVO (Clientes Inscritos)

Nome do Cliente:

con nº de Rexistro no C.R.A.E.GA:

Nome do Representante con NIF/CIF:
(Rechea no caso de persoas xurídicas)

Cantidade Solicitada	Material	Presentación	Prezo
	Talonnario de Volantes de circulación	Talonnario de 20 unidades	9,00 euros/talonnario
	Lotes de Precintos de identificación animal (1)	Lotes de 4 unidades	0,75 euros/lote
	Bobinas de Contraetiquetas Agricultura Ecolóxica (1,2) 30x45mm	Bobinas de 2.000 unidades	16,50 euros/bobina
	Bobinas de Contraetiquetas Agricultura Ecolóxica (1,2) 20x30mm	Bobinas de 2.000 unidades	16,50 euros/bobina
	Numeración para etiquetas (2)	Unidades de numeración	5,00 euros/millar

- (1) Portes pagados para os pedidos superiores a 100 lotes de precintos ou tres rolos ou máis de etiquetas.
- (2) Para solicitar Bobinas ou Numeración de etiquetas é obrigatorio rechea a seguinte táboa:

Produto	Marca Comercial	Tipo de envase e capacidade	Cantidade de unidades

Indique no cadro de observacións o enderezo do envío do material, en caso de non coincidir co enderezo do domicilio social xa facilitado ao C.R.A.E.GA:

Data e sinatura do titular ou representante	Observacións

Pagamento:

- Transferencia á conta ABANCA ES162080-0126-24-3040025754 (enviar xustificante de pagamento).
- Domiciliación bancaria en conta xa facilitada ao CRAEGA.



VOLANTE DE CIRCULACIÓN

Empresa Expedidora:

Nome Nombre		N.I.F. C.I.F.	
Enderezo: rúa, praza, avda. Dirección: calle, plaza, avda.			Teléfono
Código Postal	Concello Ayuntamiento	Provincia	Nº Rexistro Nº Registro

Empresa Receptora:

Nome Nombre		N.I.F. C.I.F.	
Enderezo: rúa, praza, avda. Dirección: calle, plaza, avda.			Teléfono
Código Postal	Concello Ayuntamiento	Provincia	Nº Rexistro Nº Registro

PRODUTO / VARIEDADE/ ESPECIE-Nº CROTAL PRODUCTO / VARIEDAD /ESPECIE-Nº CROTAL	LOTE	CANTIDADE CANTIDAD	IMPORTE en €	REC. (1)

8. Sinalar cun **X** cando o produto está cualificado como en Reconversión á Agricultura Ecolóxica.
 Marcar con una **X** cuando el producto está calificado como en Reconversión a la Agricultura Ecológica.

Nome e apelidos do expedidor ou representante / Nombre y apellidos del expedidor o representante.

Data/Fecha

Sinatura ou selo do expedidor
Firma o sello del expedidor

**EXEMPLAR PARA O EXPEDIDOR
EJEMPLAR PARA EL EXPEDIDOR**



VOLANTE DE CIRCULACIÓN



ES-ECO-022-GA

Empresa Expedidora:

Nome Nombre		N.I.F. C.I.F.	
Enderezo: rúa, praza, avda. Dirección: calle, plaza, avda.		Teléfono	
Código Postal	Concello Ayuntamiento	Provincia	Nº Rexistro Nº Registro

Empresa Receptora:

Nome Nombre		N.I.F. C.I.F.	
Enderezo: rúa, praza, avda. Dirección: calle, plaza, avda.		Teléfono	
Código Postal	Concello Ayuntamiento	Provincia	Nº Rexistro Nº Registro

PRODUTO / VARIEDADE / ESPECIE Nº-CROTAL PRODUCTO / VARIEDAD / ESPECIE Nº-CROTAL	LOTE	CANTIDADE CANTIDAD	IMPORTE en €	REC. (1)

9. Sinalar cun **X** cando o produto está cualificado como en Reconversión á Agricultura Ecolóxica
Marcar con una **X** cuando el producto está calificado como en Reconversión a la Agricultura Ecológica.

Nome e apelidos do expedidor ou representante / Nombre y apellidos del expedidor o representante.

Data/Fecha

Sinatura ou selo do expedidor
Firma o sello del expedidor

EXEMPLAR PARA O RECEPTOR
EJEMPLAR PARA EL RECEPTOR



Declaración de actividade desenvolvida

Nome do Cliente:			Nº de Rexistro:	
Lugar do evento:			Data do evento:	
Produtos postos á venda no mercado ou na explotación			Vendas realizadas no mercado ou na explotación	
Clase	Variedade	Cantidade	Cantidade expedida	Importe das vendas
Sinatura e data:			Importe total:	

Nota: As cantidades reflectiránse en quilogramos, unidades ou feixes.



SOLICITUDE DE CARTEL IDENTIFICATIVO PARA VENDA DIRECTA EN MERCADOS
“PUNTO DE VENDA AVALADO POLO C.R.A.E.GA.”

D./D^a _____

D.N.I. _____

ENDEREZO: _____

CONCELLO: _____ PROVINCIA: _____

Na súa condición de _____ da explotación,

Rexistrada co número de rexistro de Clientes _____ TITULARES DE EMPRESAS
AGRARIAS DE PRODUCCIÓN, NO SUBSECTOR VEXETAL DO C.R.A.E.GA.

SOLICITA QUE SE LLE CONCEDA O CARTEL IDENTIFICATIVO DE POSTO DE VENDA
AVALADO POLO C.R.A.E.GA.

O solicitante manifesta ter sido informado de tódolos dereitos e obrigas que lle corresponden, e comprométese a cumprir con tódalas obrigas que lle incumben, que figuran no regulamento transcrito na volta do presente escrito.

Vº Bº DO SECRETARIO DO C.R.A.E.GA

TITULAR OU REPRESENTANTE DA
EXPLOTACIÓN

Asinado: _____

Asinado: _____

REGULAMENTO DE AUTORIZACIÓN DA SINALIZACIÓN DE CARTEIS IDENTIFICATIVOS “PUNTO DE VENDA AVALADO POLO C.R.A.E.GA”.

PRIMEIRA: CONTIDO DA AUTORIZACIÓN:

O punto de venda onde se realice esta actividade poderase acompañar do distintivo facilitado polo C.R.A.E.GA., cartel identificativo para identificar o punto de venda, “Punto de venda avalado polo C.R.A.E.GA.”, sempre que o Cliente se comprometa ao cumprimento das condicións contidas nesta solicitude.

SEGUNDA: PROPIEDAD DOS CARTEIS E DOS SEUS CONTIDOS:

O cartel identificativo é propiedade exclusiva do C.R.A.E.GA.; o propio cartel presenta tódolos datos identificativos dos produtos.

TERCEIRA: OBRIGAS QUE IMPLICA A CONCESIÓN DA SINALIZACIÓN:

O titular da autorización comprométese a:

1º Os produtos ou mercadorías postos á venda procederán da propia explotación do Cliente inscrito no Rexistro de produción vexetal do C.R.A.E.GA. que solicita o uso do cartel identificativo do punto de venda; produtos, mercadorías e posto reunirán as condicións cualitativas, técnicas e sanitarias esixidas pola lexislación vixente. Permitiráselle que parte do produto exposto proceda doutras explotacións inscritas no Rexistro de produción vexetal do C.R.A.E.GA. cando non for posíbel completar a oferta coa produción propia; este tipo de mercadoría non pode supor máis do 25% do produto total comercializado nun intervalo de tempo de tres meses.

2º Os lugares onde se realiza esta actividade deberán ser comunicados polo escrito con antelación ao C.R.A.E.GA. Se foren eventos habituais, mediante unha programación anual; de seren eventos esporádicos, cunha antelación mínima de 15 días. O Cliente poderá actualizar esta planificación, comunicando cunha antelación mínima de 15 días a data do evento que se pretende incluír.

3º En todo momento, o titular ou o seu representante terán, a disposición dos clientes, a documentación acreditativa da súa condición de inscrito no C.R.A.E.GA.

4º Realizarase unha declaración da actividade desenvolvida en cada evento onde se recollan, detalladamente, as vendas por tipoloxía de produto. Esta declaración achegaráselle ao C.R.A.E.GA, nos cinco días hábiles seguintes á realización do evento, seguindo un modelo establecido polo C.R.A.E.GA., e que se lle fará entrega xunto o cartel identificativo.

5º Facerse responsábel de velar pola integridade do cartel identificativo, e comunicarlle ao C.R.A.E.GA calquera deterioro que poida sufrir para a súa reposición.

6º Manterse ao día nas súas obrigas co C.R.A.E.GA.

CUARTA: REQUISITOS ESIXIDOS PARA A CONCESIÓN:

Poderán obter a autorización tódolos inscritos no REXISTRO DE CLIENTES TITULARES DE EMPRESAS AGRARIAS DE PRODUCCIÓN NO SUBSECTOR VEXETAL, sempre que se atopen ao día nas súas obrigas co C.R.A.E.GA., e non teñan incoado expediente sancionador.

QUINTA: EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN:

A autorización extinguirase polos seguintes motivos:

- a) Renuncia do titular.
- b) Perda polo titular das condicións esixidas para a súa concesión.
- c) Incumprimento polo titular das obrigas sinaladas na regra terceira.

SEXTA: RETIRADA DOS CARTEIS IDENTIFICATIVOS:

O non cumprimento das condicións establecidas no punto terceiro implicará a perda do dereito de uso dos carteis subministrados polo C.R.A.E.GA. para o seu uso nesta actividade, así como calquera outro material ou simboloxía que poida inducir a erro ao consumidor. O Cliente estará obrigado a devolver o cartel identificativo ao C.R.A.E.GA. xunto o talonario de declaración de vendas en mercados, se así llo requirir o C.R.A.E.GA, por calquera das causas mencionadas no punto sexto ou noutras non contidas nesta solicitude.



SOLICITUDE DE NUMERACIÓN ETIQUETAS/ESTOXOS

Nome do Cliente inscrito no C.R.A.E.GA:

Nome da imprenta.

Cantidade Solicitada (Preferentemente múltiplos de 1000 Ud.)	Material
	Unidades de Numeración de Agricultura Ecolóxica

Produto para o que solicita numeración, e cuxa etiqueta foi autorizada previamente polo C.R.A.E.GA.:

Produto	Marca Comercial	Tipo de envase e capacidade	Cantidade

Data e sinatura do representante da imprenta	Observacións

Lembramos que se debe achegar modelo das etiquetas dos produtos para os que se solicita a numeración.



SOLICITUDE DE UTILIZACIÓN DA MARCA C.R.A.E.GA

Nome do Cliente con produto certificado no C.R.A.E.GA:

.....

Nome da imprenta.....

Produto para o que solicita utilizar a marca e cuxa etiqueta foi autorizada previamente polo C.R.A.E.GA.:

Produto	Marca Comercial	Tipo de envase e capacidade

Só si opta por utilizar o material identificativo do CRAEGA na marca deberá cubrir o seguinte cadro.

Cantidade Solicitada	Material	Presentación	Prezo
	Bobinas do Logotipo do CRAEGA xunto co Europeo	Bobinas de 2.000 ud.	16,50 euros/bobina
	Bobinas do Logotipo do CRAEGA 30x45mm	Bobinas de 2.000 ud.	16,50 euros/bobina
	Bobinas do Logotipo do CRAEGA 20x30mm	Bobinas de 2.000 ud.	16,50 euros/bobina

IMPORTANTE: É necesario para tramitar esta solicitude que as etiquetas teñan sido aprobadas previamente polo C.R.A.E.GA.

Se as etiquetas non foron aprobadas anteriormente, deberá achegar con esta solicitude copia destas, para que sexan revisadas. Non se tramitará a solicitude até seren aprobadas as etiquetas.

Data e sinatura do cliente/representante
--

En caso de utilizar a marca C.R.A.E.GA na publicidade ou promoción dalgún dos produtos certificados, o Cliente ten que rechea o envés de folla desta solicitude.



SOLICITUDE DE UTILIZACION DA MARCA C.R.A.E.GA EN PUBLICIDADE

Nome do solicitante:
Enderezo:
En calidade de Cliente certificado

Solicita a utilización da marca CRAEGA nos seguintes medios de publicidade ou de promoción:

Produto	Medios utilizados para publicitar ou promocionar

Achego o seguinte material, onde vai incluída a marca C.R.A.E.GA.

Produto	Material adxunto

En a de de 20.....

Asinado.

